



Suxesión ao Concello de Ourense sobre obriga de ditar resolución expresa e notificala nos prazos legalmente establecidos

Expediente: L.4.Q/4339/20

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2021

Sra. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. [REDACTED] referente a unha devolución do importe de plusvalía no Concello de Ourense.

ANTECEDENTES

Nesa queixa esencialmente indicaba que fixo unha reclamación diante do Concello de Ourense polo importe da plusvalía municipal nunha venda a perdas. Chamou o servizo de plusvalías do Concello de Ourense e indícanlle que non responden as súas alegacións nas vendas a perdas, o non haber nova lexislación nas facendas locais ao respecto.

Ante iso requirimos informe ao Concello de Ourense, que xa nola remitiu. En dito informe a Administración manifesta:

“1º) O interesado solicitou o 27 de decembro de 2019 a rectificación das autoliquidacións practicadas e aboadas polo IIVTNU devindicado como consecuencia da transmisión por venda dun inmovible, alegando que a venda se realizara a perda (é dicir, por un valor de venda inferior ao de adquisición) e ao abeiro da doutrina recollida na sentenza do Tribunal Constitucional nº 59/2017, de 11 de maio de 2017 (expediente de rectificación de autoliquidación nº 2020000298). O dito expediente atópase ao día da data pendente de resolución.

2º) En relación con esta materia, debe lembrarse, en primeiro lugar, que tras máis de tres anos dende a publicación da dita sentenza do TC, que anulou os artigos 107.1, 107.2.a) e 110.4 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (malia que unicamente na medida en que sometesen a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor na transmisión dos inmovibles) a referida lei aínda non foi modificada por las Cortes Xerais, o que

determina unha grave situación de inseguridade xurídica en canto á aplicación deste imposto, situación que só parcialmente foron resolvendo diversos pronunciamentos xurisprudencias do Tribunal Supremo ao longo deste período. Neste contexto de inseguridade xurídica as múltiples interpretacións provocaron unha avalancha de reclamacións, recursos e solicitudes de rectificación de autoliquidacións, o que (dada a carencia de medios dos servizos administrativos, agravada polas restricións en materia de oferta de emprego público impostas polas leis de orzamentos xerais do estado nos últimos anos) é a causa do atraso na tramitación destes expedientes. A título informativo, cabe indicar que dende o 25 de xuño de 2017 se teñen presentado ante o Servizo de Facenda do Concello de Ourense máis de 650 reclamacións en asuntos de homoxénea natureza, das que aproximadamente 600 o foron con anterioridade á do interesado na queixa sobre a que se solicita informe.

3º) En todo caso, infórmolle de que, respectando a orde cronolóxica na tramitacións dos expedientes (conforme ao artigo 71.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) , procederase a resolución da solicitude do interesado á maior brevidade posible.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- En primeiro termo indicar que dende o 27 de decembro de 2019, data na que o demandante solicitou a rectificación das autoliquidacións practicadas e aboadas, como consecuencia da transmisión por venda dun inmovible, alegando que a venda se realizara a perda, o dito expediente atópase ao día da data pendente de resolución

SEGUNDA.- O artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será dun mes .

TERCEIRA.- Segundo o disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas :

- A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, exceptuándose os supostos de

terminación do procedemento por pacto ou convenio , así coma os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.

- O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento, si ben este prazo non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea.

- Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo ,este será de tres meses.

- O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así coma os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo.

- O incumprimento de dita obriga dará lugar á esixencia de responsabilidade disciplinaria , sen prexuízo da que houbera lugar de acordo coa normativa aplicable.

CUARTA.- Pola súa banda o artigo 29 da xa citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece que os termos e prazos establecidos nesa e noutras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos .

QUINTA.- Destacar tamén que tanto o artigo 103 da Constitución Española como o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS.

“Lembrámoslle que na tramitación dos expedientes deberá actuar da cordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos na Constitución estando obrigado a ditar resolución expresa e a notificala nos prazos legalmente previstos en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciacións salvo as excepcións previstas na lei.”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se consegue.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)